



BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Fora, > 50 >

Coste d'un número 10 >

América 2 pts. trimestre

Número 24

Redacción

e administración:

REGO D' AUGA, 38

PRIMEIRO

A CRUÑA

10 DE XUÑO

O ÚNECO REXIONALISMO

Non imitamos a ninguén nin imos contra de ninguén

CANDO teñen de salvárense grandes intre-ses sociaes, é perciso desbotar as comenencias localistas, os egoísmos e as cubizas, os compromisos convencionaes, as adulaciós ós poderosos e até os beneficios en espeitativa. Todo isto é catividade do azo ante as sagras obrigas, ante a outa maxestade dos nosos ideiaes rexionalistas, ante a salvación e liberdade de Galicia.

¿Pro que queredes os rexionalistas? Nos-outros os *rexionalistas* QUEREMOS:

1.º Que reconecendo e ademitindo a *unidade nacional* española e sin perxucio da *integridade política* d'España, estabrézase dentro d'ela *dous poderes*, separados, autónomos: O PODER CENTRAL E O PODER REXIONAL.

2.º Que as atribuciós do *Poder central* redúzanse: 1.º A repersentar a España; 2.º As relacións internacionaes; 3.º A organización do Exército e a Marina; 4.º As obras d'intrés xeneral, estradas, ferrocarrís, etcétera; 5.º A resolvere os conflitos antr'as rexións; 6.º A formación dos *presupostos centraes*.

3.º Que o *Poder central* exerza as funcións de seu, *lexislativa, executiva e xudicial* da seguinte maneira: a 1.ª por meio d'unha *Asamblea* ou *Parlamento* composto de repersentantes das rexións en número limitado; a 2.ª por meio de *Segredarias* ou *Ministerios* no número perciso; a 3.ª por meio d'un *Tribunal Supremo* que non *sentenciaria*

na *derradeira instancia* os negocios, senon que concretariase a resolvere os conflitos antr'o *Poder Central* e o *Rexional* e a eisixir responsabilidade ós funcionarios do poder executivo.

4.º Que o *Poder rexional* sexa o único soberán dentro de cada rexión pra ditare suas leis orgánicas e administrativas.

5.º Que o *Poder lexislativo* atópese nas *Cortes rexionaes*.

6.º Que o *Poder xudicial* sexa colexiado en todol-os seus grados e as causas e preitos senténciense na *derradeira instancia* dentro de cada rexión.

7.º Que o *Poder executivo* compóñase d'unha *dieta* d'outos funcionarios, nomeados pol-as Cortes, con atribuciós somellantes ás do *Poder central*, no que respeuta samente ós asuntos rexionaes.

8.º Que a división territorial, o mesmo gubernativa, que administrativa e xudicial, teña por base os *círculos naturaes e tradicionaes* de cada rexión.

9.º Qu'os *cárregos públicos* confíranse samente ós fillos da rexión ou ós que sendo estranos enraiguen n'ela. A nota de *separatistas* que se nos da, é unha calunia miserabre, que desbotamos con total-as nosas forzas.

10.º Que cada rexión teña *Carta constitucional* de seu, na que consínense os *dous principios fundamentaes da autonomía rexio-*

nal e da *unidade política* do *Estado español*, entrambos armónicos e complementarios.

11.º Que na España eisista unha *lexislación xeneral civil, penal, mercantil, económica e fiscal* c'o carauter supretorio, e unha *lexislación especial* de cada unha das rexións nas que o Estado dividase.

12.º Que cada rexión poida tere *corpos armados* propios.

13.º Que a lingua rexional sexa d'uso libre antr'os naturaes.

15.º O *rexionalismo* non pertenece a ningún partido político, nin aceta unha forma determinada de goberno. Colle na *Monarquía* coma na *República*. Non topa á *forma* senon ó *fondo* da gobernación dos Estados.

16.º Que as *dinidades e cárregos eclesiásticos* fiquen nos naturaes de cada rexión.

Eiquí tedes o que arelamos os rexionalistas españoles, sin que rifemos n'un soyo punto, o mesmo catalás que bascos, valenciáns, aragoneses, andaluces, galegos, e cántabros: un soyo desexo, unha soya arela axúntanos: o desexo de vivíremos libres dentro da nosa terra, donos das nosas cousas, resinados co'as nosas cuitas e sati feitos das nosas ledicias. Ista évos a aspiración groriosisima da liberdade e a consagracion, do eterno, nunca morto principio xurídico da *persoalidade*, raiz e fonte de todol-os mais dereitos.

Nosa tesis pódese concretare n'ista gran sentenza: «Queremos o individuo libre na familia libre; a familia libre no municipio libre; o municipio libre na rexión libre; a rexión libre no Estado libre; e o Estado libre na libre e universal sociedade das xentes, ou sexa, no Estado internacional libre.»

* * *

¿Non é isto canto, con pequenas diferencias, piden catalás, bascos, andaluces, etcétera? Pois isto dend'antigo tense dito na nosa terra. Isto, esquirto por Alfredo Brañas, foi o que agora leva na sua bandeira a «Lliga rexionalista de Cataluña». Isto foi o que sementou fai moitos anos o nomeado catedrático compostelán na patria de Verdguer. É falso, pol-o mesmo, que as «Irmandades da Fala», imiten ós homes d'outras rexións. O rexionalismo galego, foi o primeiro rexionalismo, o pai dos mais re-

xionalismos españoles. O vergoñoso sería que nós, logo de sementar, deixásemos que a semente xermolara no chán alleo; mentras o noso ficará en deserto de cidadanía.

Os que se chamen rexionalistas e non queiran iste rexionalismo, serán farsantes ou iñorantes: homes sospeitosos, enemigos do rexurdir galego e do progreso español.

E xa que apertámol-as cravixas da verdade, soyo nos resta dicir que non imos contra de Castela. Castela, a probe irmán Castela, ten todol-os nosos agarimos. Ela sofre, coma nós, vítima do centralismo noxento.

Imos, si, contra da hexemonía castelá, que ten en Madri a sua triste espresión asoballadora: contra da hexemonía que ó longo da historia ven empobrecendo a España.

Castela, as Castelas, coma rexións, están con nosco.

canto mais enxebremente agrícola sexa o ouxeto do Consello, ou Xunta, ou organismo oficial.

c) Deben tela tamén na *Administración Central*, n'ise Ministerio (o d'Agricultura que xurdirá c'o tempo) n'isa mesma Dirección e Xuntas consultivas do ramo. Porque a misión d'istes organismos é fomentare a agricultura nacional.

Pol-o mesmo, as unidaes superiores da organización agrícola nacional (Federacións rexionales) ou a suprema, cando a tanto chéguese, deben tere seus Conselleiros n'isa Dirección e vocaes de seu (coase todos iles) nas ditas Xuntas. E ista, coma sempre, por desinación autónoma das ditas organizacións, nunca de *Administración*.

d) Pol-o derradeiro, deben tela tamén no *Parlamento*. Porque nada mais trascendente ó intrés agrícola nacional que o que fagan ou desfagan as Cortes sóbor do mesmo.

Pro isa representación debe sere no *Senado*, non no Congreso. O Congreso é produto do sufraxio individual organizado en partidos políticos; o Senado é produto das designacións da lei; xa n'algo, pro inda terá de sel-o mais, unha representación de forzas vivas nacionais, non samente das tradicionaes, senon das novas e modernas de capital e traballo, e antre-las coma ben concreta e diferenciada, a agricultura nacional.

E como ista orientación xa iniciouse na realidade c'oa representación legal das Sociedades d'Amigos do País, feitas por Calros III e que inda eisisten ben que con pouca forza viva..., non vese incomente pra demorar unha primeira representación da agricultura no Senado, dividindo pol-o d'agora, mais ou menos axeitadamente, o territorio nacional en istas ou aquilas rexións agrícolas pra o efecto de que as organizacións labregas de cada rexión desinen de maneira autónoma un Senador cada unha.

* * *

Istas son as conclusións a que chega Rodrigo Sanz, logo de rebelarse, coma sinxelo e nobre apóstole da verdadeira liberdade, contra da inscrición obrigatoria dos agricultores nas sociedaes, por coidala «inútel, dañosa e delincuente», e logo d'afirmare que non convén que ningunha crás de funcionarios públicos sexan por lei ou razón do cárrago vocaes das directivas das Asociacións agrícolas.

Inda dí mais o noso mestre, dí que isa xerarquía d'entidaes agrícolas co'as que terá d'entendérese a *Administración* pra informarse nas suas averiguacións e axudarse nas iniciativas, ha ser creada libre e formalmente pol-as Asociacións agrícolas mesmas, meiante grados de federación, ou sexa d'Asociación d'Asociacións. «A creación oficial por decreto orgánico e nomeamentos da Admi-

ORGANIZACIÓN OFICIAL AGRÍCOLA

UN NOTABRE INFORME DE RODRIGO SANZ

(LONXE DA VANIDADE E DA RETÓRICA CURSI)

As Sociedades agrarias dos partidos do Ferrol e Pontedeume, encarregaron ó insine mestre Rodrigo Sanz un estudo e contestación d'un «cuestionario» que se lles mandou dende Madri.

Rodrigo Sanz cumpriu o encárrago, e na Federación agraria dos pobos nomeados, lêuse o traballo do mestre, que logo foi remitido a total-as sociedades galegas do mesmo xeito.

Non podemos pubricalo enteiro, xa que é mui longo.

Abonda con dare a conecer os que Rodrigo Sanz chama corolarios. Védeos:

«a) As Asociacións Agrícolas deben tere representación na *administración municipal* do seu territorio. Porque ista fai ordenanzas, e antr-elas as rurás; porque fomenta, ou debe fomentare, a agricultura local (en feiras, concursos de gando, camiños, transportes, etc.); e porque acorda impostos e presupostos veciñás que afeutan, endexamais pouco e moitas veces coase sementes a crás traballadora.

Pol-o mesmo as Asociacións de cada termo municipal deben tere vocaes de seu no Auntamento respectivo. E deben telos na mesma proporción aprousimada do número de socios ó total de veciños. E deben elixilos pol-o voto corporativo, ou sexa por interior desinación sua, non por elección ordinaria nin por razón de primeiros logares na lista de maores contribuentes.

b) Deben tamén tela na *administración*

provincial, ou mellor diciremos na *administración extramunicipal* (pois nas Canarias xa hai *Cabildos* e en Cataluña *Mancomunidad provincial*, e ten d'habere e haberá no porvir, *Mancomunida municipaes* ademais)... Porque a dita *administración*, o mesmo nos organismos de sufraxio de seu (Deputacións e Comisiós) que nos de nomeamento gubernativo (os Consellos de Fomento sóbor de todo) condicionan ou poden condicionare en mui outo grado o intrés agrícola, creando ou suvencionando granxas, escolas, campos, transportes, inspeicións, sumenistro de sementes e abonos, creto agrícola, etc.; e dende logo condicionanno e influen c'os seus presupostos e impostos, que ó labrego, inda mais que ó habitante da cidade, impórtanlle sempre.

Pol-o tanto, as maores unidaes d'organización agrícola do respectivo territorio deben tere Deputados, vocaes ou como se lles chame, seus, no respectivo organismo deliberante e *administrativo extramunicipal*, sexa Cabildo, Deputación ou Mancomunidad; representantes nomeados pol-o voto corporativo ou interna desinación das Sociedades ou Federacións, e na mesma proporción aprousimada (c'o total dos membros do corpo deliberante) que o número d'axuntados que representen co de eleitores do territorio. E inda deben tamén ter vocaes de seu nos ditos consellos de fomento ou xuntas somellantes; desinados sempre por elas corporativamente e en tanta maor proporción

nistración e *inda mais*, creación d'enriba a embaixo e de Madri ás rexións e comarcas... *non é perferibre a nada*, porque é o derradeiro do desatinado e desaxeitado. E o indisculpable, porque disculpáre unha Administración pública co'a rutina é deixala por ineuta e por imbécil. Non se ha constituire isa representación agrícola de fora adentro como se fai unha estauta, senon de dentro afora, coma desenrólase unha pranta. Desenvolvemento espontáneo en federacións locais, rexionales e nacionais.»

UN SAUDO CIDADÁN

CELEBROUSE en Barcelona unha Asamblea de deputados e senadores catalás, de todol-os xeitos, c'o ouxeto de pidirll'o Goberno a apertura das Cortes e unha san autonomía pr'as rexións.

N-isa Asamblea á que s'aderiron até os deputados que son aditos ós partidos do turno, demostrouse que Cataluña e a úneca rexión española maor d'idade. A úneca mestra de cidadanía, que teñ dereito a todo.

¿Podería assistire ningún deputado ou senador galego a isa Asamblea? Non; inda que todos fosen nados en Galicia. E isto proba que inda que se desbotara o cunecismo actual, como queren os das afirmacións rexionalistas en castelán, seguiríamos tendo cuneciros galegos. Cuñas da mesma madeira.

A Asamblea catalana, mandamos o telegrama seguinte:

«Lliga Rexionalista.—Barcelona.—Eiqui non hai deputado pol-o sufraxio, senon pol-o pucheiro; representantes dos partidos de turno. No nome das cinco sextas partes de Galicia que falan en galego e están orfas de representación nas Cortes, as Irmandades da Fala, adírense á patriótica Asamblea de Barcelona.»

E Picorete na horta, pidindo que lle manden teimas á casa.

DOS NOSOS

LOUBAS A ROSALÍA

DON Salvador Cabeza León, o dino presidente da *Liga de Amigos* de Santiago e conselleiro primeiro da *Irmandade da Fala* n'aquil pobo, é ouxeto d'unha xusta lembranza n'un xornal con motivo da próxima inauguración do moimento a Rosalía.

O Sr. Cabeza dou fai algúns anos unha fermosa conferencia no finado Ateneo León XIII, debido a habérese posto sóbor da tumba da autora de *Follas Novas* unha coroa que donaran os galegos da Arxentina.

N'aquela conferencia, xa o distinto cate-drático, exempro d'enxebres, porfertzizou as *Irmandades da Fala*.

Diciá entón:

«... E cando o sol da xusticia brile no noso Ceo; cando a terra sea de *Dios e dos irmás gallegos*, entón, Rosalía, erguerémosche unha estauta xigantesca; anque teñamos que deixar sin follas os carballos e o chan sin frois, faremos pra ela con frois e

follas un pedestal tan alto que dende toda Galicia poida verse tua imaxen, e diremos os pobos xa redimidos: «¡vel-ahí a cantora que cos seus cantos alcendeu no noso espírito o fogo do viril entusiasmo que nos levou á loita; vel-ahí a musa da terra; a santa muller por quen tedes patria e libértal!»

* * *

Pol-a sua parte, Ramón Cabanillas o gran poeta da raza, fixo por encárego do *Orfeón de Santiago* (coleitividade patriótica dina de garimosas loubas) a letra do hino que terá de cantarse na inauguración do moimento a Rosalía con música do veterán e simpático mestre Valverde.

E unha canción sinxela, chea da y-alma do doce poeta-muller, verdadeiramente insuperable. Véxase:

*¡Nosa Virxe do Consolo!
¡Rosalía! ¡Doce nai!
Ao redor da tua imaxe
os teus fillos están.*

*Tranche nas almas acesas
A doxura d'un amor
Nas mans as rosas a feixes,
Nos beizos unha oración.*

*Como n'un berce de froes
Veñen a pôr no teu lar
O amor á sua santiña
Y-o amor ô galego chán.*

*Dalles en paga unha folla
Da mais milagreira fro...
¡Da rosiña de cen follas
Que tiñas no corazón!*

A GALICIA

por A. VALCÁRCEL

Patria nobre, patria miña,
ergue teu sér, como roseira en Maio;
das tuas mágoas a espiña
queimará o noso amor trocado en raio,
en coraxe de ilotas convertido,
de ilotas de alma ennobrecida e outa,
que aprenderon do seio estremecido
da terra, o aturuxo que n-os ecos
arco da vella é tendido
pol-o alento da raza, lus n-a vouta
por onde roda a moureira
inzada co pedrazo da tua doénza.

Libertade, libertade,
rosa de amor por Deus inxerida
na grei humana; prometendo a idade
en que será unha aberta a ennobrecida
soia cadeia que farán os brazos,
quero n-os verbes o rescendo teu
levar por onde-quer; quero que os lazos
con que os tiráns as razas aprisoan,
señan sangüentos retazos,
flámulas n-un coitelo que acendéu
a folla soa retrexando ú lume
con que alborexas do porvir n-o cume...

Véxote, Patria, desvaída
como muller que aluma n-a dôr press:
da nobre faz a leda côr perdida;
os labres onte brasa, hoxe pavesa,
non din sinon queixumes; o san peito
o folgo ceiba en anguriosos sons...
Patria, Galicia!! N-un subprime leito
de nai estás...!! ¡N-é hora da tua morte!!
Madurecéu teu dereito,
o amor fecundizôu os corazóns,
e a dôr é fouce que o presente esgaza
pra nacemento da liberta raza...!!

Pobo morto, escravo pobo
que n-a unidade, símbolo tirán,
perdiche a vida cando, estéril lobo,
o centralismo apoutoñou teu chan:
inda tes de rexurdir, que pol-a insagre
campía da tristeira dependenza

anda á espreitar a tua alma, e o milagre
de Lázaro virá cando no mundo
a tua fala resôe, e se bisagre
a finxida fronteira pra que esquenza
Europa que son pobos desleigados
dous irmáns, vendo-os xuntos e apeitados.

Non morriches, pobo meu,
que, inda que a vida che roubaron, vive
inmortal o espírito teu
e de il esperanza o noso sér recibe.
Tanto fundir quixeron-a tua gloria,
que sin remorso escravo te fixeron,
e o teu nome borrado foi da historia.
Mais, non sabía o teu tirán que os homes
santa fan dos martirios a memoria,
e onde os mártires morreron
xema a roseira que perfuma o ambiente
pra que ira n-il respire a nobre xente.

Patria, Galicia adourada,
liberta serás axiña:
tes de vivir respetada,
tan libre cal n os ares a anduriña.
Terás teu pazo sin pensión nin renda
e n-il tes de medrar n-os teus dereitos
ô resprandor do sol que pra tí acenda
a larada de amor que está queimando
os nosos fortes xenerosos peitos...
Eu, xa fai tempo, co teu ben soñando,
troquéi o meu corazón
n-unha lareira en que me queira a vida
o anhelado da redención,
sin outra acucia nin ansiar máis loubas
que o de que tí contempres compracida
o orgo do meu amor por tí trocado
en seixo duro cara os ruíns ceibado,
e pra tí n-unha bágoa limpa e crara
que, co teu nome, en lus o seio acende
cal si un raio de sol a loumifara...

Maldí, benta Galicia, á quen te vende,
e á mín, que a vida en defenderte emprego,
dame colo de nai n-o chan galego.

24-6-17

O EXEMPRO GUNDE

UN GRAN ACTO GALEGUISTA

O derradeiro día de Xunio a «Sociedade de seguros mútuos do gando» da parroquia de Meirás, prêto do Ferrol, celebrou unha Asamblea agrícola pra conmemorar a súa inauguración e pra levar ás aldeas veciñas o espírito asociativo, que tan prácticos froitos xa está dando n'aquela exemprar parroquia.

Pol-a mañán houbo unha solene festa relixiosa, con sermón a cárrego do elocuente párroco de Cedeira. Ás catro do serán deu comenzo o auto n-o local da Sociedade, que é tamén local pra escola, amplo, soleado, capaz pra 500 persoas, feito pol-os veciños que soilos tamén sosteñen ó mestre; exempro dino de imitare, proba de canto poide a xuntanza. Cuáseque todol-os labregos do Auntamento de Valdoviño achábanse ali, onde había tamén gran número de mulleres, até o punto que non se cabía n-o local quedando moitas n-o adro. Ali estaban os párrocos de todo o Auntamento de Valdoviño, invitados pol-o de Meirás D. Manoel Díaz, que é o propulsor de todo iste movemento social—venia él—o coadxutor da mesma parroquia Sr. Roca, o presbítero Sr. Tezanos, e outros varios señores sacerdotes, cuio nome sentimos non lembrar, n'iste momento. Un afinado cuarteto tocaba múseca galega, e un coro de rapaciñas moi entoadas cantaban de tempo en tempo ledos aires da terra que finaban sempre en bruanes aturuxos d'aqueles fortes peisanos; e aquelas explosións de enxebriño fondo e sentido, erguían o espírito ás mais outas fiducias. Inda n-os agros celtas latexan fortes arelas redentoras; a respertalas, irmáns!

* *

Comenzou o auto rompendo a falare o primeiro, noso irmán Peña Novo, que alá foi invitado pol-a Sociedade. Falou en galego, porque a fala é o elemento espritoal que formará a nosa personalidade co leitiva; falou da necesidade do rexionalismo, único movemento redentor e dimpois explicou as ventaxas do sindicalismo agrario. Foi apraudidísimo pol-a súa elocuencia. Falou seguidamente o inspeitor de hixiene pecuaria, Sr. Rof Codina, que tamén foi chamado pol-a Sociedade pra tomar parte n-a Asambrea. O Sr. Rof Codina é sin dúbida o individuo que en Galicia traballou mais pol-o progreso agrícola; sin sere galego de nacimiento o é de corazón, e soilo él, caladamente, fixo mais por Galicia que o millor galego; de fonda cultura, de vountade exemprar, a cotfo sin descanso, funda sociedades, escribe libros, da conferencias, organiza concursos, n'un verbe, vai sementando pol-o campo galego cultura, economía, organización e progreso; é ademais un gran divulgador. Galicia ten de estarelle obrigada. Si houbera n-a nosa terra media ducia de homes como il, a agricultura e gandería galegas non desmerecerían das mais adiantadas d'Europa. Da súa conferencia abonda dicire que foi unha crara e compreta explicación sobor do fomento da gandería, do aforro rural, dos cultivos; falou do problema dos

camiños, carreteiras, dos álbres, e d'outros vitales asuntos do campo; adicou verbes de gabanza á muller galega, que é a que labra os campos, a que saca a horta, a que administra a casa, a que coida do gando, a que aforra, n'un verbe, ela é a base da economía e administración rurales.

Sigueu n-o uso do verbé D. Benito Quintana, párroco de Recemel, apóstol social d'aquelas terras; e finou o auto c'un elocuente resume do párroco de Cedeira, D. José María Castro.

Iste señor é un orador de corpo inteiro; a medida que iba falando saían os seus verbes mais acesos, mais convincentes, dourados por un consciente elevado rexionalismo, que expoñía con entusiasmo, con fé cega, como unha salvadora necesidade suprema, como si o alumeara unha visión da grandeza futura de Galicia. Entre outras cousas xugosas dixo que o idioma galego é a fala da terra, e por iso hai que falala; é o comenzo da redención; soilo falando en galego pode facerse rexionalismo; así comenzou tamén Cataluña a súa labor redentora: redimindo o idioma; e oxe xa vemos o que conquireu: unha personalidade vigorosa e puxante, un progreso que rube cen codos por riba da actualidade española; ela nos da exempro. Agora os criados do centralismo chámalle a isto nazionalismo, e espántanse; eu non m'espanto—di él,—porque os nomes non importan, o que importan son as realidades, e a realidade dinos que separatistas son os caciques, os que en nome da patria matan as enerxías das rexións, os que pr'á unidade de España piden a morte das enerxías locais, e que non poden sere separatistas os que educan ó pobo, os que organizan as súas riquezas, os que defenden os seus dereitos. Dixo que debe falarse sómente o galego—e isto, como sacerdote o recomendaba—porque a inmoralidade que invadeu as nosas aldeas non naceu do galego, importounola de terras alleas o idioma castelán. Si houbera un sacerdote que explicara o evanxelio na nosa fala, eu sería o segundo, porque teño probado que, ó explicalo en castelán, os peisanos non nos entenden e convirten a nosa doutrina en verdadeiras herexías; o mesmo pasa co-a confesión. Falou da sindicación, e fixo un estudio comparativo do movemento social en Alemania, Bélxica, Italia e Navarra; falou da emigración, que nos leva a riqueza do obreiro e trainos soilo un mal salario, mentras que esos obreiros multiplican a riqueza das Américas; propón remedios eficaces, fundandô todo no rexurdimento da nosa personalidade rexional que nos daría independencia económica, administrativa, que faría do campo galego unha canteira de riquezas, e do escravo labrego faría un rei, dono das terras, dono do gando, dono de si mesmo.

Enorme entusiasmo espertou n-os labregos o baril e alentador discurso do ilustrado párroco de Cedeira, porque foi unha síntesis ademirabile dos verdadeiros ideais galegos.

É un sacerdote exemprar; en Cedeira está facendo unha labor galeguista intensa; logo estrenará un teatro pra nenos, excrusivamente galego, e pra él xa ten traducidas á nosa fala algunhas obras teatrales castelás—por sere, por oxe, aínda probe o noso teatro—as que poñerá en compañía de obras dos nosos millares autores rexionales. E nós, que sabemos que o clero ten un outo fin que cumprire n'iste movemento, sóbor todo n-o campo, poñémolo de exempro ós demais sacerdotes, porque eles, si queren, poden xuntar ós peisanos, poden acabar c'ô caciquismo, poden educar o espírito do labrego; e n'un verbe porque, apóstoles d'unha relixión que predica amor e xuntanza, poden, é mais, deben sere n-o campo os apóstoles do rexionalismo, que dimpois de todo ó que aspira é á unión de todol-os galegos n'un amor supremo á nosa terra, amor fecundo, que enriqueza o campo, que multiplique as cidades, e pra que Galicia, pol-a súa grandeza sexa respetada.

ESNAQUIZEMOL-O PUCHEIRO

Os agrarios da Guardia, herran pidindo xusticia

O director do *Heraldo Guardés*, Xosé Darse, mandounos unha carta na que préganos, coma bos compañeiros na causa de Galicia, que apoiemos a alzada que os agrarios da Guardia levaron a Audencia Territorial da Cruña, contra da resolución da Deputación provincial de Pontevedra que decrarou válida a proqramación de deputados provinciales pol-o destrito Vigo-Tuy.

Con moito gusto, tomamos nota dos desexos do Sr. Darse. Nós, inda que apolíticos, xa que pol-o d'agora coidamos que a nosa autuación ten de sere soyo social, por forza do deber poñémonos sempre da banda da xusticia.

A vista do preito terá efecto axiña eiquí, na Cruña, e defenderá ós agrarios o elocuente abogado Xan Amoedo.

Enton podrémonos decatarse de si a vountade d'un marqués val mais que a vountade de moitos probes labregos, que arelan tere quen os repersente, xa que até agora atópanse orfos de toda protección.

C'o A Nosa Terra poden contare pra todo o que sexa de xusticia os irmáns da Guardia na causa galeguista.

As Irmandades da Fala que eisten en Galicia, estreitamente relacioadas e federadas con representación d'as unhas nas outras, son: a de Santiago, a de Villalba, a do Ferrol, a de Vigo e a da Cruña. Teñen unha disciplina e unhas ideais comús e solidaridade c'oa notabre sección «Estudos Galegos» de Madri e c'os rexionalistas catalás, bascos e andaluces. O boletín orgo de todas ilas é «A Nosa Terra» que ispiran os xeneradores do actual movemento galeguista. Axiña haberá novas Irmandades.

DE MIN PRA VOS

A VIRXEN DE MÁRMORE

A tí, Ramón Villar Ponte, por sere bon irmán, e afeitoado ás filosofías, adicoche iste anaco de vida que si non pasou, puido pasare.

CARMIÑA, filla de don Xusto Bermúdez, honrabel e rico comendante retirado, levaba relacións e pra casárese istaba con Pepe de Castelo, fillo único do mais acaodado labrego da parroquia. Relacións qu'erán d'aprobazón das duas familias e que vían-as con bós ollos todol-os viciños. Certo é que faguían unha boa e axeitada parexa, tanto na persentazón coma no acomodo.

Dous anos faguía que falábanse, e nin il nin ila amostraban cansanzo nos seus amores. Comenzáran-as relacións cando Pepe voltara de Santiago co-a carreira d'inxeneiro finada; carreira qu'estuara mais que pra exercela, pr'adquiril-o barnís, o brillo, o xeito sifioritil que faguíale falla pra distinguírese dos demais da parroquia, pois o meio, o ambiente d'áldea, non fai mais difrenza entr'unhos e outros qu'a difrenza da roupa. E Pepe do Castelo ó refinal-o espírito, conseguira qu'o refinamento saíralle á epidermis. Era un sifiorito...

* *

Pepe do Castelo era profundamente sinxelo e de bon corazón. Espallando esmolas en troques de bendicións, conquerira o agarimo de tod'á parroquia, na que non había disgracia ou calamidade que remediada non fora. De seu paso pol-a Universidade compostelán, non adequirira do ambiente estuian-til, nin vicios nin maldades.

Seu único vicio, si vicio pode chamárese, era o sere un gran afeitoado á caza, á qu'iba sóbor das duas ou tres do serán, pra voltare entre lusco e fusco. Pol-o xeneral encamiñabase a un souto de seu pai, qu'istaba preto da casa, e contado era o día que non trouxera cobradas algunhas pezas, pois tiña sona de sere un cazadore dos bós.

Un serán en que tornaba da sua acostumada cazería, fitou congostra abaixo a Rosario, filla d'un vello criado de seu pai, a que paseniñamente voltaba pr'á casa conducindo ó gando que traguía d'apastare no monte. Rosario ou *A virxen de mármore* coma chamábanlle n'áldea por non ademitire amores con ninguén, era de corpo feituco e ben doado, e tiña unha faciana de verdadeira virxen, á que remataba de lle dare aínda mais espresión, sua longa e dourada cabeleira. Cando no monte ceibaba o cabelo pra peitarse car'ó sol, ó sere abalado pol-o vento, somellaba acharse envolveita n-un manto d'ouro, cuaxado d'estrelas cintilantes, que cegaba ó miral-o. Non podíanse pedire dazanove anos mais cheos, mais compretos, de fermosura, de saúde, de vida.

Pepe apertou o paso e presto chegou onde a ila:

—Bon serán, Rosariño; voltamos cõ gando.

—Voltamos, sifiorito. Vai sendo hora— contestoulle Rosario baixando os ollos ó chan, e faguendo qu'arrecadaba un cuxo pr'ocultare o rubore qu'alcendéall-as fazulas.

—Meu pai fai moi mal en mandarte a tí ó monte. Nos labores da casa istarías millor...

—Bo, xa estoulle afeitada a istos trafegos. Ben o sabe vosté, que cando neno viña con nosco.

—E verdade, si; cando neno viña con

mente, santamente, coma d'aquila, acochá-raselle na alma.

Choido n-istas meditazóns acurtando foi o paso sin dárese conta, mentras Rosariño siguíu congostra abaixo conducindo o gando en dereitura á aldea, a que bañada pol-os derradeiros raios do sol qu'acochábase per-guiceiro tras das outas montañas, somella-ban os cristás das xanelas ó sere feridas pol-os raios solares, xigantescos ollos de fogo vixilantes d'áldea.

Soio a forza segreda d'un alalá cantado non lonxe por forte e bardo peito, puido crebare os misterios do seu ensono. Alalá que no seu falare chegou a il com'unha saeta firíndolle a i-alma:

Xúntanse as augas no mar
onde xuntas xa s'acharon,
e os labres que se xuntaron
hanse volver a xuntar.

* *

Dend'aquíl día, casual ou intenzionalmente, no camiño atopáron-se a cotfo e xuntos chegaban á aldea Pepe e Rosario. As lingoas comenzaron a se movere; axiña os amores de Pepe e Rosario foron a conversa de rigore, coma cousa feita, e do que moito non tardou en sere sabedora a noiva de Pepe. Carmiña tomouno primeiro coma cousa das lingoas, mais a forza de ouvil-o comenzáron-os celos, os ladrons celos, isa serpe roedora que sin boca, morde, e sin ferrete, fire, a mortifical-a un día e outro, até que determinouse a fitar por si mesma a afirmazón ou negazón da sua felicidade. E un serán, en compañía

de un fermoso can de Terranova, ademirabile exemplar por certo, aló foi en camiño da «Congostra dos trebiscos», lugare en que dixéranlle xuntábanse os dous pra voltare pr'áldea.

Chegada que foi buscou un cabouco dende onde abesullar sin qu'a fitaran, e atopouno trais d'unha silveira que nacida da ladeira da congostra, pinduraba sóbor do camiño. Agardou; a agarda non foi longa. Axíña viu chegare saindo d'un ancos do camiño o gando de Rosario, o que con paso canso voltaba foupeiro e cachazudo, satisfeito de pasare un día de sol, de folga e d'enchenta. Mais atrais víñan xuntos Pepe e Rosario. A modo víñan; cicais por non tere presa, cicais por saboreare o tempo da xuntanza.

Carmiña sin folguexare, reconcentrando os sentidos no d'ouvido, fitaba sin pestenexare o movemento dos labres de Pepe, pr'adiviñal-a sua parola xa que non podía ouvil-os. Chegaron preto d'ila. Detivéronse. Pepe faláballe quedo, aloumiñador, agarimoso. Rosario ascoitaba-o pinsativa, compracente, beilándolle xuguetona unha surrisa de satis-

O CASTRO

Enriba d'un outeiro, coma unha verde cróa,
ergues a redondez do teu poider barudo,
e na noite fechada dentro de tí resóa
o rumor belicoso d'un exército rudo.

Inda parez que gardas seguras esperanzas,
pra os tranquilos labregos que estan ás tuas veiras,
de que has de defendere, c'os picos das tuas lanzas,
as cosechas amabres das fecundadas leiras.

Inda vibra a tua y-alma c'o fragor do combate,
e con guerreiro ardore o teu corazón bate.
El-o espírito forte que eternamente vela

sobre do chan galego que dorme confiado
o loitadore de ánimo valente y-esforzado
que co-as armas ao lombo está de centinela

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

Do libro *Alento da Raza*.

vosco, e por certo que moito nos adevirtíamos.

E Pepe do Castelo dito isto, calou, e n-un curto anaco de tempo, pasou pol-a sua imaxinazón coma visión cinematográfica sua vida de neno. Pensou en qu'aquila Rosario nacera e criárase baixo o mesmo teito qu'il; en qu'aquila Rosario fora sua irmán de xogos nos tempos mais felices, nos tempos en que non hai cras nin castas. Pensou en que dempois cando a nena chegou á idade d'axudare no traballo, mandábana cõ gando com'agora iba, e qu'il co-ila e os nenos e nenas d'outras casas, xogaban no monte a difrentes clas de xogos pra matal-o tempo. E pensaba tamén, e d'aquila, coma nunca o pensara, en que cando xugaban ós matrimonios, santamente, puramente, coma o eran as suas almas, Rosariño era a sua muller, e que broma non broma queríanse, e que broma non broma bicábanse. E coma unhos pensamentos traíen outros, lembrábase tamén de qu'en moitas ocasións estuian-do en Santiago, ó vir á sua acordanza istas esceas, mais d'un salayo fuxíralle do peito, e mais d'un desexo de volvel-á bicar, pura-

fazón nos labres. ¿Falaban d'amores? Carmiña o non sabía; os verbes chegaban a iles, macios, marmulantes. Perdendo a fiducia de ouvil-os votouse ô camiño, e trais d'ila, xanxalmente, o can.

—¡A fé que faguedes unha boa parexa!— díxolles estarrexéndose o corpo co-a carraxe.

—N'é mala—repicoulle Pepe surrindo.— ¿Que milagre por eiquí?

—¡Non ch'agrada o verme?

—Muller, non vexo por qué. ¿Vés encabuxada?

—¿Parécecho? Pois non; non veño. Atópome tan leda com'á tua compañeira. ¿N'é certo Rosario?

—Poida sere, señorita; vosté saberá. Eu triste n'estou...—contestoulle aquila porcatándose da intenzón.

—Xa o vexo... Sobor todo levando unha compañía coma levas, e que moito che dure.

—E vosté qu'o vexa, señorita, que pra vosté será.

—¿Pra min? Poida sere qu'esteias trabucada, rapaza. ¿Será pra tíl...

—¡Carmiña!—interrumpeu Pepe ô vel-o xiro que levaba a conversa.—Os teus verbes, firen, e os teus feitos, magoan. ¿que tés?

—Mais magoan e firen teus desgaios, Pepe de Veira.

—¿En que desgaireite?...

Carmiña asañada dos amores de Pepe con Rosario, a cativa e ruin criada, inferior a iles, ladra do seu amore, renxend'os dentes e apertando os puños, díxolle a Pepe aseñándolle a Rosario:

—Desgairácheme, e por quén, ¡por isa!... ¡pol-a tua criada!...

—¡Mentes—berrou il,—mentes!

—Non minto, non; e cando a tí entréguese si o non fixo xa, mais que por amore, fara-o por te servire. Ô fin ére-lo amo.

—¡Cala, mala lingoa, cala!—ruxiu Pepe.

—Eres un miserabre, un mal cabaleiro, un de tantos probiños d'álea dinos tan soio de bestas con saias com'á que queres, e non de mulleres coma min... ¡Desgáirote!—e acompañando a aición ô verbe, cuspeulle na faciana a Pepe.

Iste, fora de sí, tolo pol-o aldraxante feito, ergue o brazo pra pegarlle, mais o can, porcatado d'agresión á sua ama, abalanzouse a il, e os dous rodaron pol-o chan en furiosa loita. Nin Carmiña nin Rosario movéronse do sitio. A unha, saboreando a vinganza, a outra, suspensa ant'o impervisto.

Pepe era rexo coma un carballo, mais a loita era desigoal. Man a man, cicais puidera Pepe; o can tiña un arma mais: os dentes. A escopeta que traguía da caza, ô caer, desviárase d'iles. Non contaba co-ila; termaba con total-as suas forzas de qu'o can o non taniscara, e atorquesáball'o pescozo pr'ápetalo; mais o can ô vere que non saía co-a sua, con mais folgos coma fera ô fin, redobrava os esforzos e ganaba terreo. Ampeante Pepe, e bañado en sudore, puido axudándose dos pes quitálo d'enriba, e botando man do coitelo de monte que traguía no van, agardou sereo en crequenias a acometida do terranova.

Non fíxose agardar. Erguese, e dando un pulo, botouse con fereza sobor Pepe, e a punta do coitelo, escorregando pol-a sua longa lan, non fixo mais qu'arrabuñarille lixeiramente o pelexo. A acometida foi tan forte, que Pepe foi arrolado coma un trapo,

e o coitelo fuxiulle da man. Istaba perdido.

Rosario, dexerguendo o qu'iba pasare e porcatándose do perigo de seu amo, lixeira coma o pensamento, recolheu o coitelo e dirixíndose resolta e valerosa ô can, chantoulle a ancha folla no peito até o mango. Detívose o terranova na sua acometida, abalouse un anaco coma un borracho, e botando un cadullo de sangue pol-a boca, caeu cal ferido por un raio.

—¡Pepe, señorito! ¿Taniscouno?—perguntoulle Rosario con arela chegando onde il e axionllándose á sua veira.

—Non, Rosariño, non, mercede a tí. ¿E isa ladra?

—Esmorente, cabo do can istá.

—¡Ainda d'il non saía!—sentenzou Pepe erguéndose.

E agarrándoll'as mans a Rosariño, e apertuxándolas con amore e agradecimento, díxolle:

NIN DINIDADE NIN VERGOÑA

Aloumiñando ôs que nos aldraxan

A nós chegaron da Cruña e de fora, cartas nas que se prega que falemos da novela derradeira de Lope de Haro, nomeada «Los nietos de los celtas».

Aquelas cartas veñen cheas de xenreira e de ira contra do autor do dito libro. Son cartas de galegos que inda teñen dinidade e vergoña, cousa xa mui rara n'istes tempos.

Limos «Los nietos de los celtas». Trátase, certamente, d'unha novela de gran guignol, na que c'o sacrificio da verdade bótase sóbor da nosa terra unha mancha grande.

Contra d'ela fixo nobre campaña «El Progreso» de Pontevedra. Contra d'ela falou tamén «Galicia Nueva» de Villagarcía. En troques, os mais xornales da rexión gardaron silencio, e até houbo un, o «Diario de Pontevedra» orgo de Riestra, que intentou defendere ô notario manchego inxuriador de Galicia.

E haibos cousas que non teñen defensa. Quen lea «Los nietos de los celtas» non sendo galego ou conecendo pouco a Galicia, ¿non haberá de coidarnos no estado salvaxe?

Porque Lope de Haro, colleu unhos persoaxes fantásticos, sin miacxa de realidade, pra protagonistas—Xorxe, Ramón, María, Rosa, Elena e a bruxa—e logo ô redor d'eles puxo un cadro mouro no que teñen vida actual cantas estranas supersticiós houbo antigamente n'algús pobos galegos. Recargou as tintas, e ficou eisi sua novela, chea d'habilidade, n'unhas páxinas bárbaras que arripian.

Pra Lope de Haro en Galicia os homes non son homes: soyo teñen valor as mulleres.

Teríamos que copiar coase a novela en-

*—¡Rosariño!, de neno tívente por muller; de home tereite por reina. A que até hoxe foi *Virxen de mármore* deixará de sel-o no adiante, porqu'eu encarrégareime de que viva alcesa a i-alma que non tiñas pra outros e gardabas pra min.*

—Dende nena a gardei, meu Pepe!—marmulou Rosario naturriosa cós ollos cheos de bágoas, recostando a chola sobor do peito d'il.

*I-eisi, xuntos, moi xuntos, envolteitos nas somas do entre lusco e fusco colleron rumbo á aldea, e ô chegare á casa dos Veira, iles entrou faguendo acordanza dos tempos de nena, e il lembrándose do alalá qu'o ferira coma unha saeta, e termiñaba sentenzoso: *os labres que se xuntaron, hanse volver a xuntar.**

RICARDO CARBALLAL.

teira pra que nosos lectores se decatasen do moito e mui fondonísicamente que o notario manchego oféndenos.

Abonda decire que si en vez de galegos fôsemos catalás, xa ise Lope «empergaminado» estaría tocand'o zoco e sintindo os zocos.

Pro eiquí ¡vaiche boa! Eiquí lonxe d'iso, ténselle invitado pra falare na velada literaria que n'homenaxe a Rosalía faráse en Compostela axiña.

¡Ouh Rosalía que dixeches: «castelanos de castela tratade ben ôs galegos...!»

¡Qué sacrilexo, que herexía a de consentire que Lope de Haro erga sua voz, na enxebre Compostela, n'unha festa de louba á cantora do Sar!

¿Onde están os galegos dinos?

Inda hai algús, pro sónvos pouquiños. Os do «Progreso» de Pontevedra, ôs de «Galicia Nueva» e os da Sociedade d'Agricultores de Marcón que tomou o acordo de protestare contra de «Los nietos de los celtas.»

Os mais—coáseque todos—resultan «come cúbregas.» ¡Qué noxo e que tristural! ¡As protestas telefónicas soyo se gardan pra aldraxar ôs bós galegos e pra adulare ôs caciques!

* * *

E imos a outra vergoña. Fai poucos días en «La Nación» de Madri, publicou Vicente Gay un artigo no que fala do libro do francés Huret, traducido por Gómez Carrillo, iste guatemalteco... FILLO ADOUTIVO DA CRUÑA E DE VILLAGARCÍA, no que s'aldraxa fondamente a Galicia.

Huret di no dito libro: «El gallego es el animal que mas se parece al hombre.»

Di tamén: «Los emigrantes menos estimados, y los más numerosos hasta ahora, proceden de Galicia. Estos gallegos tienen, de un extremo a otro de la Argentina, fama de hombres de inteligencia tosca, perezosos, sucios, duros en el trabajo y hasta avaros. Demasiado brutos para ser ladrones, pasan por muy honrados y fieles y constituyen en las ciudades una gran parte del personal doméstico, del que se quejan, de común acuerdo, todas las amas de casa.»

¿Qué vos parece? Pois Gómez Carrillo creeu e cre todo isto—inda que agora finxa

arrepentimento e remorso—xa que di no prólogo que lle puxo o libro d'Huret: «Logra el autor producir una sensación de verdad palpitante que nadie, hasta hoy, nos había dado.»

¡Tomade fillos de... adoución; tomade xantares da direitiva d'unha sociedade cruñesa!

Pro ¿qué mais? ¿Non ven agora mesmo autuando n'un teatro de Madrí Amalia Isaura, unha cupletista da que protestou fai pouco a nosa colonia de Cuba, porque ali cantaba unha copra «La gallega» al-

draxante pra Galicia, que tamén canta na Corte, sin que ninguén lle diga cousa?

¡Malia os galegos desleigados que sòn coáseque todol-os galegos cultos e de camisa pranchada!...

¡¡Gómez Carrillo fillo adoutivo de dous pobos nosos!! ¡¡Lope de Haro, invitado a unha festa enxebre de louba a Rosalía!!

¡Pobre Galicia que vas tendo unha psicoloxía somellante-à da muller pùbrica! Querendo òs que t'aldraxan e apouvirgan. Abrindo as pernas pra todos os que amostren unha moeda... de sona.

FOLLAS NOVAS

TODO bondade e xentileza por caste e natural condición, que é moito, e por forza de reuto pensamento, que é máis, este noso Marqués de Figueroa de falas sinxelas de neno, de verbas levantadas de poeta e de agudos y axustados ditos de vello petrucio, é, pol-as catro bandas, un gallego feito de carne do corazón.

Pelegrino levado por dous namoramentos,—o da terra y-o do Arte,—ollou dend-o o Pico Sagro as pedras lexendarias da nosa Xerusalem e dend-o cume de Lobeira as ágoas encantadas e briladoras do mar d-Arousa, espello d'un ceo sin comparanza; conece os pinales maxestosos da terra mariñán, as veigas mimosas das ribeiras do Ulla y-a campia frofida do val de Salnés; tripou as uces do Xesteiro y-as carqueixas dos montes de Boqueixón, e veu bater contra dos mallóns costeiros, esnaquizándose en escumas, as ondas milagreiras do mar bravo da Lanzada.

Afeito à vida nobre e repousada dos pazos, sabe tamén como se tece a das chouzas; escoitou as conversas, cando doídas, cando retranqueiras, dos caseiros queixosos da anada y os levadores no agro, pleiteantes por dereitos de rega; platicou, paroleiro, o longo das fondas corredoiras e das veredas royales, con feireantes e carreteiros; à postura do sol, canso de rubir e baixar por touzales e quebradas, co-a carabina o lombo, sentouse à porta do muiño ou nas escaleiras do cruceiro, vendo ir e vir às mociñas novas camiño da fonte; foi romeiro da Virxe da Barca e de Nosa Señora dos Remedios, e nas abertas solanas das reitorales campesias, namentras arrecendia o arume das mazás camoesas y-o ledo viño alvariño era d-ouro relocente nas copas cristaiñas, deixando ben axeitado seu prestixio de presenteiro, disputou c-os vellos abades, en boa lei, dentro dos lindeiros teolóxicos, sóbor «De natura Liberalismi» ou sóbor «De Predestinattonne.»

D-esas e d-outras cousas, xeitosamente adrezadas, fixo o noso Marqués un libro maino, saudoso en longas páxinas, ridor n-algunhas, en todas meigo, que nomeou «Del solar galaico», e veu às miñas mans n-unha d-estas mañanciñas de Sanxuán, nas que o ceo está azul y as viñas en fror. Sentéime n-un valc, o pé do mirador

El Marqués de Figueroa

DEL SOLAR GALAICO

MADRID
1917

que se ergue na estrema da horta do pazo de Fefiñáns,—tan garimosamente lembrado no libro,—e folla por folla fun lendo a prosa castelán chea de doces nostalgias y-os pulidos versos galegos.

E non collo a pruma pra outra cousa que pra deciros que o lín e que me enmeigou, sin que esto seya botarme de sabido nin erguerme xusgador, que o primeiro non me encaixa y-o derradeiro ben sei que non é camiño pol-o que me chamase Dios, do que estou moi satisfeito; e si às veces canto, é com-os paxaros, sin saber moito o porqué e nin moito nin pouco de onde me ven, e si algunha que outra falo dos cantares alleos évos que cando escoito un reiseñor rabéo astra que os que poidan oílo coñezan o arbre en que ten o niño.

Pra xusgar que do que falamos é d-un dos bos, abonda con escoitalo:

¡O que vai d-un ano a outro,
miña nai!...

¡de ter cartos a non telos
o que vai!...

Cando estabamos do Conde
no lugar,

inda noso ben vivía,
—¡probe pai!—
Xan de Choupas, o do vello
castañal,
me falab-a min de cote
¡qué falar!...

máis morréu meu pai, quedamos
sin lugar,
e os amores non volveron
nunca mais...

¡O que vai d-un ano a outro,
miña nai!
¡de ter cartos a non telos,
o que vai!...

E non é cousa de escoller. «Coitas e ofrendas», «As mallas dos días santos», «Tolerías» e «Aquel Ventura que ten unha muller que é unha laberca», son dínos da pruma de Rosalía. Na páxina 126 hai unha Inés que oyéu un madrigal dos que conezo poucos. «Ingratidade» é unha rima que semella unha rosa aberta cara o ceo, tal maxestá, tan erguido pensamento puxo n-ela. Aquela que comenza «Oxe çhoras, neniño, n-empporta...» fai pechar os ollos un instante e non é posibre pasala folla sin leela de novo.... «Camiño da cova» é a glosa d-un cantar que envezara Antonio de Trueba. E «Meditaciós» é unha pedra briladora que ten d-estes refrezos:

O sol non pode c-as néboas,
os ollos deslumbra o sol,
ter sempre néboas ou brumas
é da nosa condizón:
se ollos abertos ven mal,
canto teñen derredor,
menos ven ollos pechados
na escuridade interior:
¿de quen nega porque duda,
qué valen as negaciós?

Na nosa Terra, libros como «Del solar galaico», andan mais escasos que as boas anadas e que os políticos honrados. Hai que loubar a Dios cando caí un, porque cada un deles é un consolo e unha esperanza.

RAMÓN CABANILLAS.

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

PEDIDE SEMPRE

CHOCOLATES BRANDARIZ

VENDENSE EN TODOL-OS COMERCIOS

D'ULTRAMARINOS

Enrique Brandariz y C.^a

Ronda da Coruña, 22. — LUGO

BALDOMIR

Pôrase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro **SULFATO DE COBRE** ductos, empregade o

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92, e Canalejas, 77

FERROL**H. LA PALOMA**

— DE —

Ramón Morandeira

Este espléndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO — VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA**VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

«Rioxa Ollauri» especial pra familias.

Botella sin casco: 0'55 ptas.

Pedidos: W. LOSADA

HOTEL CONTINENTAL

Os "Previsores do Porvir"

SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 42 millóns de pesetas de aforro en doce anos

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xucios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.